

Dona Carmen del Río Rodríguez, Secretaria Acctal. do Concello de Carballo - A Coruña

### **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 1 de agosto de 2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **“9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN. APROBACIÓN.**

#### **9.2.- CONTRATO PRIVADO PARA A “CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DOS POSTOS SITUADOS NO MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO, PROCEDIMIENTO ABERTO, CONCURSO” (PRI 25/2022).**

*Mediante Providencia da Concelleira delegada de Planificación, Extratexia Urbana e Contratación de data 27/07/2022 iniciáronse os trámites previos á adopción do acordo por parte do órgano competente das concesións administrativas do dominio e uso público municipal para a explotación de:*

- Vinte e sete postos destinados a venda o público de produtos de consumo propio deste servizo.*
- Unha cámara de frío para postos destinados a actividades de carnicería.*
- Catro almacéns para outros postos, todos eles sitos no Mercado Municipal sito na praza do Concello de Carballo.*

*A adxudicación da presente concesión realizarase por procedemento aberto, forma concurso, ao amparo do disposto nos arts. 78 e 80 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.*

*En xullo de 2022 elaborouse o prego de cláusulas administrativas particulares correspondente.*

*E vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 28/07/2022, no expte. 2022/C006/000025, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:*

#### **Primeiro.- Obxecto contractual.**

*É obxecto deste contrato a adxudicación das concesións administrativas do dominio e uso público municipal para a explotación de:*

- Vinteseite postos destinados a venda o público de produtos de consumo propio deste servizo.*
- Unha cámara de frío para postos destinados a actividades de carnicería.*
- Catro almacéns para outros postos, todos eles sitos no Mercado Municipal sito na praza do Concello de Carballo.*

#### **Segundo.- Procedemento aberto, concurso.**

*A adxudicación da presente concesión realizarase por procedemento aberto, forma concurso, ao amparo do disposto nos arts. 78 e 80 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.*

#### **Terceiro.- Criterios de adxudicación.**

*Co obxecto de determinar a proposición máis vantaxosa para os fins do concurso, estableceñse os seguintes criterios de adxudicación:*

<i>Oferta económica (oferta a valorar/mellor oferta económica) x 70 puntos</i>	<i>Ata 70 puntos</i>
<i>Proxecto de explotación da actividade económica a desenvolver no posto de venda ó que se licita</i>	<i>Ata 30 puntos</i>

#### **Cuarto.- Prego de cláusulas económico-administrativas**

*Aprobar o prego de condicións económico-administrativas que rexerá a contratación da "Concesión administrativa dos postos situados no Mercado Municipal de Carballo" con referencia PRI 25/2022.*

**Quinto.- Contraprestación a favor do Concello de Carballo.**

*O concesionario estará obrigado ao pago do canon de concesión do dominio público, ascendendo o importe do devandito canon á cantidade que resulte da adxudicación, resultante da multiplicación do canon anual ofertado polo número de anos ofertados polo adxudicatario de cada posto e almacén.*

*Os tipos mínimos de licitación son os indicados no Anexo III do PCAP.*

*Este canon satisfacerase por unha soa vez durante a vida da concesión. Para ese efecto, o Concello, unha vez formalizada administrativamente a concesión, remitirá carta de pago ao adxudicatario, que será satisfeita dentro do prazo sinalado pola normativa tributaria. A falta de pago en período voluntario dentro do prazo establecido no art. 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ou do período executivo dentro do prazo establecido no art. 62.5 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por parte do adxudicatario, será causa de extinción/resolución da adxudicación.*

*Con todo, o adxudicatario poderá solicitar o fraccionamiento do pago do devandito canon, coas seguintes condicións:*

*a) Só poderán fraccionarse os supostos en que a concesión sexa de, polo menos, tres anos.*

*b) Deberá abonarse un pago inicial do 50 % da cantidade que resulte da adxudicación, nos prazos que a normativa tributaria sinale unha vez notificada a correspondente carta de pago polo Concello tras o acordo de concesión do fraccionamiento.*

*c) Os importes restantes serán satisfeitos en dúas cotas anuais de igual importe, polos restantes 25 %, cos seus correspondentes intereses de demora segundo a normativa tributaria, que serán viradas unha vez transcorrido un ano desde a formalización da concesión, para o primeiro prazo, e dous anos, para o segundo. A falta de pago en período voluntario dentro do prazo establecido no artigo 62.2 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, ou do período executivo dentro do prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por parte do adxudicatario, de calquera das cotas indicadas neste apartado será causa de extinción/resolución da adxudicación. Esta circunstancia non supón a extinción da débeda polo ingreso de dereito público correspondente ao canón, para cuxo cobro seguiranse os procedementos de cobro establecidos na normativa tributaria.*

*O canon que serve de base á licitación está suxeito ao Imposto de Transmisións Patrimoniais (ITP) ou tributo equivalente, cuxa obrigaición de autoliquidación corresponde acreditada ao adxudicatario ante a Comunidade Autónoma de Galicia. Conforme ao art. 9.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos documentados, o suxeito pasivo do mesmo deberá acreditar ante este Concello a xustificación do pago do ITP.*

*O concesionario estará tamén obrigado a pagar as taxas por renda mensual establecidas polo Concello na ordenanza fiscal correspondente (Ordenanza fiscal n.º 11.- Taxas Mercado Municipal de Abastos de Carballo), que poderá ser obxecto de modificación ou revisión tal e como prevé o art. 25 da Lei de Facendas Locais, no caso de que a prestación de servizos no Mercado de Abastos -obxecto de financiamento coas referidas taxas- sexa deficitaria e resulte preciso aumentar o grao de cobertura de custos do servizo, debendo asumirse as subidas integramente polo concesionario.*

**Sexto.- Vixencia.**

*O prazo da concesión será o ofertado polo adxudicatario de cada un deles, cun máximo de dez anos, e posibilidade de prórroga por cinco anos mais, para os vintasete postos destinados á venda ó público de produtos de consumo propios deste servizo.*

*O prazo da concesión para a cámara de frío (1) para postos destinados a actividade de carnicería e para os catro almacéns para outros postos, será o mesmo que o da concesión do posto de venda o que sexa vinculado, con posibilidade de prórroga nos mesmos termos que o posto ó que se vincular.*

*No caso de resultar adxudicatario de algúns dos catro almacenes (que non sexan cámaras de frío) un concesionario actual dalgún posto no mercado, o prazo de concesión deste almacén será o mesmo que o de o dereito que ostente áquel.*

**Sétimo.- Anuncio de licitación.**

*Dispoñer a apertura do procedemento aberto, mediante o procedemento de concurso, ordenando a*

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2022/G007/000016

*inserción dun anuncio no Perfil do Contratante para que os licitadores interesados presenten, nos quince (15) días naturais seguintes ó da inserción no anuncio, as súas proposicións.*

**Oitavo.- Responsable do contrato.**

*De acordo co art. 62 do LCSP, nomear responsable do contrato ao Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, D. Juan Manuel Seoane Collazo “*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe da Sra.Tenente de Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.

A tenente de alcalde